

O PROGRAMA DE DOUTORAMENTO EN HISTORIA DAS CIENCIAS E DAS TÉCNICAS: EXPERIENCIA E PERSPECTIVAS DE FUTURO

ÁLVAREZ LIRES, M. IES CARLOS CASARES/FACULTADE DE C. DA EDUCACIÓN UNIVERSIDADE DE VIGO

BERMEJO, M. FACULTADE DE QUÍMICA. UNIVERSIDADE DE SANTIAGO

PÉREZ RODRÍGUEZ, U. FACULTADE DE CIENCIAS DA EDUCACIÓN. UNIVERSIDADE DE VIGO

ANTECEDENTES

Hai xa bastantes anos que un grupo de profesores e profesoras das Universidades galegas e de Ensino Secundario comezamos a dedicarnos de xeito amateur a estudar a Historia da Ciencia e a súa aplicación nas aulas. A organización de Simposios e Congesos en Galicia, a realización de diversas teses, entre elas a da primeira asinante desta aportación, leváronnos a pensar na posibilidade de poñer en marcha un Programa de Doutoramento interuniversitario que permitise unha certa institucionalización da disciplina, practicamente ausente dos Plans de Estudos das Universidades galegas.

Como é ben sabido, os Programas de Doutoramento realízanse en dous cursos. No primeiro é preciso superar 20 créditos (200 horas) entre os diferentes cursos que se elixen; desta maneira obtense un certificado de ter superado os créditos correspondentes (válido á hora xustificar a formación esixida para obter os sexenios). No segundo elabórase un Traballo de Investigación Tutelado que permite obter o Diploma de Estudos Avanzados (D.E.A.) e a suficiencia investigadora

Moi longo sería relatar aquí as xestións realizadas, os múltiples atrancos que fomos atopando no camiño e que distan de estar totalmente superados no momento actual, as reviravoltas do proceso... Finalmente, conseguimos polo en marcha no curso 2002-2003 coa participación das Universidades de Vigo e de Santiago de Compostela, con moito voluntarismo e a colaboración dun amplo grupo de profesorado universitario e de secundaria que, *gratis et amore*, coordina o programa, imparte os cursos e supervisa e dirixe os traballos de investigación correspondentes. Nestes dous últimos cursos contamos coa colaboración dun bolseiro, o terceiro asinante desta contribución.

OBXECTIVOS E DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA HCT

A nosa intención é conseguir un achegamento á metodoloxía, ós recursos da investigación neste campo e á historia da súa disciplina.

As liñas de investigación do programa son amplas mais ben definidas. Basicamente se poden sintetizar en dúas:

- A historia das diferentes ciencias ó longo dos tempos: o pensamento científico, as ideas, as invencións e as figuras sobranceiras
- A aplicación da HCT ó ensino das ciencias

O tipo de alumnado que se matricula no Programa é, sobre todo, profesorado de Ensinanza Secundaria. Tamén se incorpora algún profesorado universitario, doutor ou non, con ganas de aprender e de facer algunha cousa diferente, e xentes recién

licenciadas ou traballando noutras profesións pero, ata o de agora, estas últimas son minoría.

Procúrase impartir os cursos nun horario que non interfira co traballo das persoas participantes (docentes e discentes), polo que moitos deles teñen lugar na tarde dos venres e nas mañás dos sábados. Nalgúns dos cursos é preciso realizar un pequeno traballo e, noutros, faise *in situ*.

Ó longo dos bienios 2002-2004, 2003-2005 pasaron máis de 30 alumnas e alumnos polo programa. Léronse, ata hoxe, uns 20 Traballos de Investigación Tutelados e están en marcha unhas 12 Teses de Doutoramento.

CONCLUSIÓNS E PERSPECTIVAS DE FUTURO

As persoas máis directamente implicadas na organización e xestión do Programa HCT, entre as que nos contamos, estamos moderadamente satisfeitas, sobre todo se temos en conta a precariedade de medios económicos dos que dispoñemos e o feito de que a disciplina é practicamente descoñecida nestas latitudes, por non falar dos atrancos administrativos que é preciso superar en cada convocatoria. Alén diso, xa salientamos a excelente colaboración do profesorado que imparte o programa e dos xestores do mesmo, así como o interese da maior parte do alumnado participante, como proban os TIT e os proxectos de tese presentados.

O noso entusiasmo inicial mantense, malia todos os problemas, e no presente curso abordamos o comezo dunha nova edición do Programa HCT coa experiencia adquirida e coa incorporación de novos cursos, na que procuraremos emendar erros e deficiencias (descoñecemos se no momento de ler esta comunicación estará aberto un novo prazo de matrícula, pois hai prazas vacantes). En calquera caso, o Programa vaise manter para o próximo bienio 2006-2008 e é preciso que a xente potencialmente interesada teña en conta que a solicitude de participación ten que chegar ós Departamentos correspondentes, das Universidades de Vigo ou de Santiago, na primeira quincena de setembro.

A nova Regulamentación dos Estudos de Terceiro Ciclo vainos obrigar a reformular o Programa e a transformalo nun Curso de Postgrado ou de Mestrado, pero iso será obxecto doutra comunicación.

Desde estas páxinas e este lugar animámos a participar no Programa HCT e a aplicar nas vosas aulas o aprendido nel ou, simplemente, a disfrutar do pracer de investigar sobre a historia da disciplina que impartides. Encontraredes cousas fermosas, sorprendentes, creativas e iso axudaravos a loitar contra as prácticas aburridas e rutinarias, así como a levar mellor a dura tarefa de sobrevivir nas aulas e non morrer no intento. A experiencia de cada unha das persoas que escribimos esta contribución avala o que dicimos pero, claro está, non é transferible automaticamente ás vivencias doutras xentes.